



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTE  
SECCIÓN EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES

## CORRECCIÓN DE ERROS

**RESOLUCIÓN Nº 32980 DO 28/09/2018 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 32261/2018 DE DATA 24/09/2018 POLA QUE SE CONCEDEN AS BOLSAS PARA ESTUDOS DE DANZA E TRES PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2018.**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña ,

Vista a Resolución nº 2018/32261 do 24/09/2018 pola que se conceden as bolsas para estudos de danza e tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio profesional de danza da Deputación da Coruña no ano 2018.

Comprobouse pola unidade xestora que na acta da reunión do tribunal nomeado para a concesión das bolsas para estudos de danza e tres premios á excelencia na danza clásica, figura a proposta de concesión dos tres premios á excelencia na danza clásica ás persoas que acadaron maior puntuación de conformidade co disposto nas Bases reguladoras da convocatoria: Lucía Bello Arcay, Marta Pan Posadilla, e Marta Placer Lema.

Polo que se detecta a existencia dun erro de transcripción na citada resolución nº 2018/32261, na que se concede un premio a Ignasi Colominas Igual, en lugar de a Lucía Bello Arcay.

### RESOLVO:

Modificar a resolución número 2018/32261 de data 24/09/2018, pola que se conceden as bolsas para estudos de danza e tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio profesional de danza da Deputación da Coruña no ano 2018.

### Onde dí:

**Conceder tres premios** á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican, ás persoas seguintes:

Solicitantes	Importe total
Colominas Igual, Ignasi	500,00

### Debe dicir:

**Conceder tres premios** á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican, ás persoas seguintes:

Solicitantes	Importe total
Bello Arcay, Lucía	500,00

**Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:**

Á vista da proposta do tribunal nomeado por resolución nº 24263, do 11 de xullo de 2018, para a concesión das *Bolsas para estudos de danza e tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2018*, de conformidade coas bases da convocatoria publicada no BOP nº 108 do 8 de xuño de 2018

**RESOLVO:**

**1.- Conceder dezaseis bolsas** para estudos de danza, polos importes máximos que se indican ás persoas seguintes:

<b>Solicitantes</b>	<b>Importe total</b>
Bello Arcay, Lucía	2936,33
Bermudez Muñiz, Alba	2466,33
Caamaño Martínez, Carla	106,34
Colominas Igual, Ignasi	1951,09
García Burgos, Marta	2936,33
García Garay, Carmen	1307,38
González González, Cecilia	1307,38
López Rojo, Vera	2363,16
Martén Caballero, Gala	627,04
Núñez Rodríguez, Natalia	712,22
Pan Posadilla, Marta	2466,33
Pan Posadilla, Raquel	2623,95
Placer Lema, Marta	2466,33
Sánchez Viqueira, Laura	1716,07
Sanz Fonta, Sara	1638,07
Seijo Chapela, Sara	767,85
<b>Total</b>	<b>28392,20</b>

**2.- Denegar** as solicitudes presentadas polas persoas que se sinalan deseguido por non acadar as bolsas o importe mínimo de 100 €:

Vera Castiñeira Patricio

Blanca L. Fernández Martínez

Marta Placer Lema

**3.- Conceder tres premios** á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican, ás persoas seguintes:

<b>Solicitantes</b>	<b>Importe total</b>
Bello Arcay, Lucía	500,00
Pan Posadilla, Marta	500,00
Placer Lema, Marta	500,00
<b>Total</b>	<b>1500,00</b>

**4.- Dispor o gasto** das bolsas e premios concedidos, por importe total de 29.892,20 €, con cargo á partida 0650/3261/481, fase A, operación número 220180019666, do vixente Orzamento.

**5.- Dispor os pagos** na forma prevista na convocatoria, de acordo co seguinte:

\* As bolsas teñen o carácter de aportación máxima e o pago realizarase logo da xustificación dos gastos.

\* Os premios aboaranse nun único prazo, previa retención do 15% en concepto de IRPF "Premios" para o seu ingreso no CNP 2007, clave F, subclave 01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.